

Joana Bergano:

## Be in La-la Land, one solo for me

SÁBADO 21 | PRAZA ROXA | 13.00 | 20.00 h

Coreografía: **Joana Bergano** / Intérprete: **Joana Bergano** / Asistente coreográfica: **Ana Gouveia** / Música: **João Lucas** / Producción: **Henrique Figueiredo** / Agradecimentos: **Centro Cultural de Belém, Espaço do Tempo** / Duración: **60 minutos aprox.**

A miña cabeza deu tantas voltas na procura de si mesma. Preguntoulles ao brazo, ao pé e ás puntas do cabelo, *mais non a viron máis despois dela ter espertado*. E que isto de dicir que a temos é fácil, o peor é cando a queremos agarrar e ela teima en non vir. Nese caso, a primeira premisa é: non hai límites para a imaxinación. Os únicos que poderán vir existir serán os do corpo, mais estes son sempre superábeis.

Dun punto X procúrase a abstracción. O estímulo conduce á construción e a unha consecuentemente destrución para volver montar *excertos* como pezas dun crebacabezas... ou dun calidoscopio.



## Cristiana Rocha: Plano C

SÁBADO 21 | PORTA FAXEIRA | 17.00 | 21.00 h

Coreografía: **Cristiana Rocha** / Intérprete: **Cristiana Rocha** / Fotografía: **Paulo Pimenta** / Producción executiva: **Núcleo de Experimentação Coreográfica** / Proxecto apoiado polo Ministerio da Cultura / Dirección-Geral das Artes / Duración: **Variábel**

Cândido, Chiocca, corpo, creación, colaboración, colectivo, casa, cidadanía, café, coreográfico, cidadán, contexto, cultura, comida, corda, centro, corazón, corrixido, caos, comunicación, camisola, cámara, cordón, cinestésico, colección, cabeza, colorido, cabs, cadeira, calear, contraste, caixa, caer, cimentación, confrontar, cama, camarada, camarín, cena, conectar, cutáneo, camiñar, cana, curvilíneo, canción, canguro, cortina, cultivar, coidar, capaz, capítulo, cruzamento, cronolóxico, crítica, característica, con, crianza, carnal, crime, crepúsculo, erro, crecemento, crente, cerebro, curiosidade, cósmico, cosmopolita, cartón, coincidencia, calmante, correr, conversar, convidar, coordinador, convivencia, aule, corredor, contribución, catita, controvertido, contrato, causa, contradición, eleste, contraluz, contracción, célula, comunidade, conxunto, copia, continuación, colector, contido, centeo, séptico, continxente, chan, contorcer, cheo, contacto, cheque, contemplación, consumir, contaxe, ciclo, cinética, consulta, concusión, constituínte, circunferencia, conservar, conciencia, consigo, conxestión, tación, clan, cavidade, clasificación, confuso, confección, criba, confiar, clixidos, opos, condensar, concurso, concentración, concerto, compra...

## Uxía P. Vaello: Play\*

SÁBADO 21 | CEMITERIO DE BONAVAL | 18.00 | 21.30 h

Coreografía: **Borja Fernández, Uxía P. Vaello** / Intérpretes: **Borja Fernández, Uxía P. Vaello** / Asistencia dirección: **Catarina Cámara** / Iluminación: **Afonso Castro** / Espazo sonoro: **Borja Fernández, Es un árbol** / Vestiario: **Uxía P. Vaello, Clotilde Vaello** / Apoios: **IGAEM, Centro Coreográfico Galego, Devir / CAPA** / Agradecimentos: **Micaela Cardoso, Madalena Silva, Luísa Taveira** / Duración: **30 minutos aprox.**

Manipulando con que obxectivo? En busca de que? No intento de acadar a perfección, por que operar sobre nós cando podemos experimentar sobre outros? Ou polo menos, iso deberon pensar mestre Yehudi, Gepetto, o Dr. Frankenstein e os creadores de criaturas exactamente! "criaturas" –como Edward Scissorhands ou a clonada ovella Dolly... Ademais de xogos coa realidade, estes experimentos de aliaxe do humano co obxecto, o deus, ou simplemente nada, son viaxes no tempo, *loops, rewinds*, viaxes ao pasado, viaxes ao futuro e a momentos invisíbeis, intocábeis... ao imaxinario, ao fantástico, ao sempre pensado e nunca tocado... son xogos onde participan personaxes manipuladoras e manipuladas usando todas as súas capacidades para conseguir modificar o outro, desde o inerte ao vivo, do vivo ao humano, do simplemente humano ao emotivo.

\*Esta intervención é un extracto do espectáculo *Play* que será estreado en Santiago de Compostela, na Sala Nasa, en novembro de 2008.

## Branca Novoneyra: Late

DOMINGO 22 | PARQUE DA MÚSICA | 12.00 | 18.00 h

Coreografía: **Branca Novoneyra** / Texto: **Branca Novoneyra** / Intérpretes: **Branca Novoneyra, Mónica de Nut, Jesús Andrés, Isaac Garabatos** / Música: **Isaac Garabatos, Jesús Tejada e Mónica de Nut** / Producción: **Sulxeitos** / [www.myspace.com/sulxeitos](http://www.myspace.com/sulxeitos) / Duración: **20 minutos**

Sulxeitos é un colectivo de artistas que crean diálogos improvisados empregando, música, danza, poesía e artes visuais. O seu proxecto *Late* posibilita un encontro entre a música de Isaac Garabatos, Jesús Andrés e Mónica de Nut e a danza e o texto poético de Branca Novoneyra *Saes buscar-me pola cidade: Sentada no banco / sen deixar de mirarte / descubro sinais / de destrución nas túas mans. // Os meus dedos perdidos / buscan no interior do bucle: / o intre onde non nego a dor. // Hai días que non te oio no cuarto. / O son do ventilador, / cascadas nos espellos, / o ruído incesante, querer fuxir do pesadelo e abrazarte / Só a túa pel e a dor.*

## Victor H. Pontes: Voyeur

DOMINGO 22 | ALAMEDA (PASEO CENTRAL) | 13.00 | 17.00 h

Coreografía: **Victor Hugo Pontes** / Intérprete: **Victor H. Pontes** / Voz off (v. portuguesa): **Marta Bernardes e Victor H. Pontes** / Colaboración: **Joana Antunes** / Producción executiva: **Núcleo de Experimentação Coreográfica** / Duración: **Variábel**

*Voyeur*: "persoa que sente pracer na observación, ás escondidas, de escenas íntimas levadas a cabo por outra persoa". *Voyeur* explora a observación en dous momentos, o primeiro en que somos observados e activos e un segundo momento como observadores e pasivos. *Voyeur* cuestiona a manipulación da mirada, a creación de posíbeis equívocos.

## Vo'Arte: Sobre rodas

DOMINGO 22 | PRAZA DA QUINTANA | 19.00 h

Coreografía e dirección artística: **Ana Rita Barata**. Coa participación especial da **Associação de Parálise Cerebral de Lisboa** / Cocreación e interpretación: **Rita Judas, Pedro Ramos, António Oliveira, Julieta Rodrigues** / Cocreación e interpretación (Associação de Parálise Cerebral de Lisboa): **João Pereira, José Marques, Zaida Pugliese, Adelaide Oliveira, Sílvia Pedroso** / Equipo de apoio APCL e intérpretes: **António Paiva, Célia Carmona, Carolina Santos** / Coordinación xeral: **Célia Carmona** / Dirección executiva: **A. Roque** / Coproducción: **APCL – CRPCCG\_Vo'Arte** / Duración: **30 minutos**

Todo sobre rodas, a andar sobre rodas, falar sobre rodas, todo en roda desta pequena *troupe* que vén non sabemos de onde e que aparece deslizándose misteriosamente. Instálanse en círculo para falar de historias do pasado e do futuro. A *troupe* quere danzar co público e rodar, e de forma poética coñecer que o que é o límite de algúns e o infinito para outros, coñecer o que cabe nunha cadeira de rodas, o mundo enteiro...

*Sobre Rodas* é un proxecto de creación que integra persoas con diversidade funcional motora e profesionais da danza, circo, música e teatro. Este proxecto nace da primeira experiencia feita cos integrantes da Associação de Parálise Cerebral de Lisboa, para un proxecto en Francia, no ámbito do Ano Europeo da Inclusión e no segundo foro europeo de novas/os creadoras/es de moda adaptada.

## Vo'Arte: Cause without effect?

DOMINGO 22 | PRAZA DA QUINTANA | 20.00 h

Coreografía: **Carolina Ramos e Sarah Dillen** / Intérpretes: **Carolina Ramos e Sarah Dillen** / Deseño de luz: **Luís Bombico** / Fotografía: **Vasco Emidio** / Deseño gráfico: **Liliana Sobreiro** / Música orixinal: **Tiago Cerqueira** / Coproducción: **DeVIR/CAPA. Vo'Arte** / Apoios: **Dansschool Project** (Antwerpen), **Pro.Dança** (Lisboa) / Duración: **30 minutos**

As coincidencias nunca acontecen... É o destino? Será real?

Será que podemos realmente modificalo ou será que xa temos o camiño irreversibelmente trazado?

Certamente estamos influenciadas por outras persoas ou circunstancias e igualmente influenciamos a outras, podemos cambiar os nosos destinos? A vida non é previsíbel e esixe moitos camiños para percorrer a nosa existencia. E aí somos libres de escoller, mesmo que avancemos para un determinado fin... O círculo da vida repítese nalgúns momentos, nalgún lugar no tempo e no espazo podemos encontrarnos e comunicar...

## Mercé de Rande:

## Proxecto Zocas

DOMINGO 22 | SAN MARTIÑO PINARIO | 21.00 h

Coreografía: **Mercé de Rande** / Intérpretes: **Henrique Peón, Joshua McCarey, Diego Martínez, Mercé de Rande, Pepa Yañez, Begoña Cuquejo** / Bailaríns suplentes: **Marcelo, Rufino Luaces** / Asistente coreográfico: **Henrique Peón** / Artesán zoqueiro: **Alberto Geadá** / Música en directo, zanfona electroacústica: **Óscar Fernández** / Asistente produción: **Begoña Cujedo** / Vestiario: **Re.Roupamaxina** / Producción: **Á Mercé das CirKunsTanzias** / Duración: **45 minutos**

As zocas, calzado primitivo galego, son elemento importante da nosa etnografía, cultura e patrimonio. Ao mesmo tempo recoñecémolas no norte español e no eixo atlántico europeo que, con diferenzas en cada rexión ou país, seguen sendo un elemento identificador para todos os pobos que as compartimos. As zocas facíanse en madeira de bidueiro, árbore antigamente abundante nas nosas fragas, desgraciadamente hoxe en vías de extinción.

Este proxecto reinventa as zocas dunha perspectiva contemporánea, apoiándose na danza, na sonoridade e na multidisciplinaridade. Imprimíndolle ao movemento a particular ironía galega, convertemos a danza en soporte para sensibilizar o público sobre a extinción dos recursos naturais que forman parte da nosa identidade e do noso patrimonio cultural e artístico.

(entrdanzas)\*

\* mostra de danza na rúa galicia-portugal

santiago de compostela

20, 21 e 22 de xuño de 2008



**venres 20**

|         |                     |                                     |
|---------|---------------------|-------------------------------------|
| 12.00 h | PORTA FAXEIRA       | Pisando Ovos: <i>Menos 1</i>        |
| 13.00 h | PRAZA DA QUINTANA   | Miguel Moreira: <i>Na rúa</i>       |
| 17.00 h | PRAZA DAS PRATARÍAS | BStudio: <i>Mulier</i>              |
| 18.00 h | SAN MARTIÑO PINARIO | David Marques: <i>Play Nureyev</i>  |
|         | PRAZA DA QUINTANA   | Miguel Moreira: <i>Na rúa</i>       |
| 18.30 h | SAN MARTIÑO PINARIO | Ricardo Ambrózio: <i>Animmature</i> |
| 19.00 h | PRAZA DAS PRATARÍAS | BStudio: <i>Mulier</i>              |
| 20.00 h | PORTA FAXEIRA       | Pisando Ovos: <i>Menos 1</i>        |
| 21.00 h | SAN MARTIÑO PINARIO | David Marques: <i>Play Nureyev</i>  |
| 21.30 h | SAN MARTIÑO PINARIO | Ricardo Ambrózio: <i>Animmature</i> |
| 21.30 h | ZONA "C"            | Mercé de Rande: <i>G.ovo</i>        |

**sábado 21**

|         |                      |  |
|---------|----------------------|--|
| 12.00 h | SAN MARTIÑO PINARIO  | Olga Cameselle:<br><i>Lembranza agachada 03</i>            |
| 13.00 h | PRAZA ROXA           | Joana Bergano:<br><i>Be in La-la Land, one solo for me</i> |
| 17.00 h | PORTA FAXEIRA        | Cristiana Rocha: <i>Plano C</i>                            |
|         | PRAZA DA QUINTANA    | Miguel Moreira: <i>Na rúa</i>                              |
| 18.00 h | CEMITERIO DE BONAVAL | Uxía P. Vaello: <i>Play</i>                                |
| 19.00 h | SAN MARTIÑO PINARIO  | Olga Cameselle:<br><i>Lembranza agachada 03</i>            |
|         | PRAZA DA QUINTANA    | Miguel Moreira: <i>Na rúa</i>                              |
| 20.00 h | PRAZA ROXA           | Joana Bergano:<br><i>Be in La-la Land, one solo for me</i> |
| 21.00 h | PORTA FAXEIRA        | Cristiana Rocha: <i>Plano C</i>                            |
| 21.30 h | CEMITERIO BONAVAL    | Uxía P. Vaello: <i>Play</i>                                |

**domingo 22**

|         |                      |                                       |
|---------|----------------------|---------------------------------------|
| 12.00 h | PARQUE DA MÚSICA     | Branca Novoneyra: <i>Late</i>         |
| 13.00 h | ALAMEDA (P. CENTRAL) | Víctor H. Pontes: <i>Voyeur</i>       |
| 17.00 h | ALAMEDA (P. CENTRAL) | Víctor H. Pontes: <i>Voyeur</i>       |
| 18.00 h | PARQUE DA MÚSICA     | Branca Novoneyra: <i>Late</i>         |
| 19.00 h | PRAZA DA QUINTANA    | Vo'Arte: <i>Sobre rodas</i>           |
| 20.00 h | PRAZA DA QUINTANA    | Vo'Arte: <i>Cause without effect?</i> |
| 21.00 h | SAN MARTIÑO          | Mercé de Rande: <i>Proxecto Zocas</i> |

**Pisando Ovos: Menos 1**

**VENRES 20 | PORTA FAXEIRA | 12.00 | 20.00 h**

Coreografía: **Rut Balbis** / Intérprete: **Rut Balbis** / Técnico: **Alfonso Castro** / Música: **Collage musical** / Producción: **Pisando ovos** / Duración: **20 minutos**


Un mundo en que os lados opostos non están tan separados, en que o cambio dun estado a outro sucede de forma continua, onde o riso se converte en algo triste e a caída nun momento elegante. Traballo onde se confunden as imaxes, onde as formas tornan no que non son, un momento para rir e sentir, un novo momento que sumar. Proposta que se converte nun mundo novo de posibilidades que intentarei gozar.

**Miguel Moreira: Na rúa**

**VENRES 20 | PRAZA DA QUINTANA | 13.00 | 18.00 h**  
**SÁBADO 21 | PRAZA DA QUINTANA | 17.00 | 19.00 h**

Coreografía: **Miguel Moreira** / Intérpretes: **Raquel André e Sophie Leso** / Texto: **José Luis Peixoto** / Escenografía: **Jorge Moreira e Miguel Moreira** / Construtor de escenografía: **Leonel e Bicho** / Producción: **Útero** / Duración: **80 minutos**

Nunha cidade do mundo de hoxe. / Que espazo é para a intimidade? / Para as emocións? / Cal é a solución para escapar á rutina? / Que espazo para mirar de máis preto? / Para mirar dentro do outro?



**BStudio: Mulier**

**VENRES 20 | PRAZA DAS PRATARÍAS | 17.00 | 19.00 h**

Coreografía: **Dolores Mayán** / Intérpretes: **Emilia Pardo, Natalia Iglesias e Vanesa Otero** / Música: **Varios autores** / Producción: **BStudio** / Duración: **20 minutos**

Deixarse levar ollando mulleres que reflexionan sobre a condición feminina. Mulleres colgadas no alto dunha parede... para ollalas, para que escoiten, para que non falen, para que non opinen, para... Mulleres que deciden abandonar o sitio imposto e comezar a falar, a opinar, a facer... a decidir.

**David Marques: Play Nureyev**

**VENRES 20 | SAN MARTIÑO PINARIO | 18.00 | 21.00 h**

Coreografía: **David Marques** / Intérprete: **David Marques** / Música: *Sonata nº 13 op. 27 nº 1, Ludwig van Beethoven* / Duración: **15 minutos**

De que pode falar unha danza que se centra no esencial da súa propia condición: un creador só que crea un só para si mesmo? *Play Nureyev* construíuse a partir da articulación de tres elementos chave: unha lista de nomes de coreógrafos contemporáneos, un vídeo de ensaios da peza e a linguaxe da danza clásica. É un só sobre o desafío dos límites, os códigos, as convencións e as expectativas.

**Ricardo Ambrózio: Animmature**

**VENRES 20 | SAN MARTIÑO PINARIO | 18.30 | 21.30 h**

Coreografía: **Ricardo Ambrózio** / Intérpretes: **Vanessa Claro e Ricardo Ambrózio** / Música: Montaxe musical a partir de entrevistas e músicas de **Meira Asher** / Duración: **18 minutos**

*Animmature* é unha coreografía que foi desenvolvida tomando como base unha banda deseñada (*Fallen* foi feita especificamente para o desenvolvemento da peza) inspirada no universo de RPG (Role Playning Game) de *Trevas*, produto da Daemon Editora. Na banda deseñada, o argumento foi desenvolvido por Ricardo Ambrózio e Ricardo Paes con deseños de Ricardo Paes en estilo manga. A pesar de ter como temática un conto de ficción, aborda relacións, confianza, fragilidade en situacións de perda, ruptura de estereotipos, preconceitos e fe, envolvido nunha atmosfera gótica, repleta de sensualidade e misterio, onde dous seres en conflito se envolveren coas súas respectivas realidades. *Animmature* é, sobre todo, unha coreografía que integra diferentes formas de arte (música, banda deseñada, artes plásticas, teatro e danza) en torno dunha narrativa misteriosa e intrigante.

**Mercé de Rande: G.OVO**

**VENRES 20 | ZONA "C" | 21.30 h**

Coreografía: **Mercé de Rande** / Música: **Wendelin Schmitt-Ott** / Intérprete: **Mercé de Rande** / Fotografía: **Mercé de Rande** / Vestuario: **fashion room Basel** / Producción: **Á Mercé das Cirkunstanzias** / Duración: **15 minutos**

Danza-performance concibida por encargo para a carpa de sexualidade na Marcha Mundial das Mulleres coa intención de abordar o controvertido tema do orgasmo. Nesta versión revisada incorpora un músico en directo, ao chegar a conclusión de que a respiración é un dos elementos máis importantes, procesándoa creamos a banda sonora específica para a peza.

O ovo é a metáfora, propónse o orgasmo dende a abstracción e cunha estética minimalista... foi primeiro o ovo ou a galiña? O pracer ou a procreación? O punto g é a resposta. Unha visión contemporánea e abstracta da libido da muller a través dos mitos e arquetipos femininos. Esa historia que case nunca contan...

**Olga Cameselle: Lembranza agachada 03**

**SÁBADO 21 | SAN MARTIÑO PINARIO | 12.00 | 19.00 h**

Coreografía: **Olga Cameselle** / Intérprete: **Olga Cameselle** / Técnico: **Toni Salgado** / Música: **Gidish** / Supervisión de dirección: **Alfredo Rodríguez** / Estilismo: **La Canalla** / Producción: **Olga Cameselle Disque Danza** / Duración: **11 minutos aprox.**

Eu perdida, bágoas tapadas polo cotián / Fun muller vidro / Accións vestidas de silencio / Fun muller fume / Mírame aos ollos, xa non hai espazo nesta vertixe para chorar. / Agora é o momento de celebrar, de venerar, de compartir, de ofrecerme. / Este silencio nada ten que ver con calquera xeito de esquecemento.  
 [Á memoria do meu pai Edelmiro Cameselle ]